

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 14.03.2019      Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas**

- 1.1        43911 (10/POC-007031)  
             Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
             Gómez Salgado, Carlos e 6 máis  
             Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en relación coa loita  
             contra a praga da couza guatemalteca  
             *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 1.2        43924 (10/POC-007040)  
             Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
             Oubiña Solla, Rosa e 6 máis  
             Sobre a valoración polo Goberno galego da campaña da vendima do 2018  
             na D.O. Rías Baixas  
             *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 1.3        44064 (10/POC-007060)  
             Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
             Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel  
             Sobre o impulso dun plan específico de viticultura social dirixido ás  
             persoas a tempo parcial como freo á despoboación  
             *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 1.4        44721 (10/POC-007160)  
             Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
             Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl  
             Sobre as razóns da redución que presenta a nova industria láctea anunciada  
             polo Goberno galego en setembro de 2016 no concello de Curtis, a data  
             prevista para a súa entrada en funcionamento e o investimento real desa  
             industria nese concello  
             *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019*
- 1.5        44843 (10/POC-007177)  
             Grupo Parlamentario de En Marea  
             Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis  
             Sobre a posta en marcha dun plan estratéxico para o sector lácteo  
             *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019*

- 1.6      44966 (10/POC-007201)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e 2 máis  
Sobre as razóns da Consellería do Medio Rural para suspender o servizo de recollida e xestión de plásticos de uso agrícola procedentes de silos, invernadoiros e hortas, así como o estudo da posibilidade da súa prestación por unha empresa pública  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019*
- 1.7      46179 (10/POC-007364)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa cobertura da demanda de man de obra cualificada existente no sector agrogandeiro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019*
- 1.8      46322 (10/POC-007389)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa saturación de residuos gandeiros procedentes de explotacións cárnicas intensivas nalgunhas comarcas de Galicia e a súa xestión actual  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019

Daniel Vega Pérez  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 14.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 43911(10/POC-007031)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en relación  
coa loita contra a praga da couza guatemalteca

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 10:47:25  
**Nº Rexistro: 43911**  
Data envío: 17/01/2019 10:47:25.745

### Á Mesa do Parlamento

**Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro, Rosa Oubiña Solla e Daniel Vega Pérez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a **seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

No ano 2015 foi identificada a presenza en Galicia da praga producida pola Tecya Solanivora Povolny, coñecida comunmente pola súa orixe centroamericana como Couza Guatemalteca da pataca.

Os primeiros lepidópteros foron detectados en algúns concellos do Norte das provincias de A Coruña e Lugo, e o pasado mes de Marzo coñecemos a aparición deste insecto, en varias parroquias do Concello de Muxía, na provincia de A Coruña.

Para tentar controlar e mesmo erradicar a súa presenza, en todos estes Concellos e lugares adoptáronse de xeito urxente medidas oficiais e fitosanitarias.

Estas baterías de medidas, afectan a produtores, distribuidores e almacenistas, obrigando aos primeiros a colocar trampas con feromona sexual para a captura masiva de individuos; A utilizar semente certificada con garantías sanitarias, a realizar tratamentos fitosanitarios, oua retirar e a destruír todos os tubérculos danados co fin de controlar a praga prohibindo a saída destas zonas de toda a pataca.

Asemade se adoptaron medidas para os almacéns e outros establecementos comercializadores, como a separación da pataca de semente e de consumo, a utilización de mallas tupidas para evitar a entrada da couza, e a desinfectar os almacéns e ferramentas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

CSX-REXISTRO-KCTXgMeBz-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 10:47:25**  
**Nº Rexistro: 43911**  
Data envío: 17/01/2019 10:47:25.745

Despois das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia dende a aparición da couza guatemalteca, cal é a situación actual da loita contra a praga de coretena da Técia Solanívora Povolny?

Santiago de Compostela 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:20:55**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:21:04**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:21:12**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:21:17**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:21:24**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:21:30**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:21:38**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

**Día: 14.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2      43924(10/POC-007040)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da campaña da vendima do 2018 na D.O. Rías Baixas

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 10:51:14  
**Nº Rexistro: 43924**  
Data envío: 17/01/2019 10:51:14.373

### A Mesa do Parlamento

**Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Galicia conta con cinco denominacións de orixe, Ribeiro, Rias Baixas, Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra, todas elas amparan, representan e regulan o maior estándar de calidade dos viños producidos na nosa Comunidade.

A importancia do sector vitivinícola é evidente: como dinamizador do rural poñendo en valor o seu patrimonio cultural e enolóxico, como axente fixador da poboación ao rural e tamén como importante medio económico para as persoas que teñen como medio de vida esta actividade.

Tras un “annus horribilis” de 2017 na que as xeadas e o saraiba botaron a perder boa parte da colleita de uva nalgunhas das denominación de orixe as previsións para este ano foron mais optimistas.

O 2018 non comezou con bo pe para o viñado en Galicia. As condicións meteorolóxicas adversas na primavera favoreceron a aparición de ataques de fungos que supuxo unha preocupación e un dobre esforzo dos viticultores.

Afortunadamente o tempo seco e soleado de xullo, agosto e setembro mellorou todas as previsións iniciais, permitindo levar a cabo as labores de vendima nas mellores condicións.

CSV: REXISTRO-SKPVGSH-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 10:51:14  
**Nº Rexistro: 43924**  
Data envío: 17/01/2019 10:51:14.373

Por todo elo, en relación a D.O. Rías Baixas que recolle as cinco subzonas diferenciadas: O Salnés, O Rosal, Ribeira do Ulla, Condado do Tea, Soutomaior, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- Cal foi a cantidade de uva recollida na pasada campaña da vendima de 2018 nesta D.O. Rías Baixas?
- 2.- Cal foi a evolución con respecto a colleita de 2017?
- 3.- Que valoración fai da vendima de 2018 o Goberno de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:40:33**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:40:41**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:40:46**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:40:53**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:41:00**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:41:08**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:41:15**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 14.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 44064(10/POC-007060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o impulso dun plan específico de viticultura social  
dirixido ás persoas a tempo parcial como freo á despoboación

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 17:54:20  
**Nº Rexistro: 44064**  
Data envío: 17/01/2019 17:54:20,283

## Á Mesa do Parlamento

**Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc...

É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa do despoboamento con políticas activas, claras, efectivas e avaliable que promovan o impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial.

Por todo o anterior, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que o impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial é un freo a despoboación?
2. Cree o Goberno galego que está a apoiar e promover suficientemente esta cuestión? Que políticas ten en marcha a Xunta de Galicia en relación a este tema? Con que resultados?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 17:54:20**  
**Nº Rexistro: 44064**  
Data envío: 17/01/2019 17:54:20.283

3. Non cree o Goberno galego que unha aposta decidida ao impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial, recollido nun documento xeral que conteña as liñas de apoio específicas a este colectivo, cun seguimento público e verificable no relativo aos seus resultados anuais, coa finalidade de medir a consecución dos obxectivos, repercutiría moi positivamente na viticultura social a través de persoas a tempo parcial?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/01/2019 17:46:17**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2019 17:46:23**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 14.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 44721(10/POC-007160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as razóns da redución que presenta a nova industria láctea anunciada polo Goberno galego en setembro de 2016 no concello de Curtis, a data prevista para a súa entrada en funcionamento e o investimento real desa industria nese concello

*Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019*



### Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A construción dunha nova industria láctea en Curtis, revela que as cifras ofrecidas polo presidente da Xunta a poucos días das eleccións do pasado 25 de setembro de 2016, quedaron moi grandes.

A nova industria láctea consistirá nunha planta, dedicada á separación e secado dos diferentes compoñentes do leite e terá unha capacidade para procesar 70.000 toneladas de leite cru ao ano, cifra que queda moi lonxe das 400.000 anunciadas pola Xunta, que salientaba que suporía o procesamento do 17 % dos 2,5 millóns de toneladas que produce Galicia cada ano. A cifra que emprega agora a empresa suporía o 2,8 %.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os motivos para que a nova industria láctea en Curtis se reducise a unha quinta parte do prometido?

2ª) Coñece a Xunta de Galicia a data da posta en funcionamento da nova industria láctea en Curtis, en caso afirmativo cal?

3ª) Cal é o investimento real da nova industria láctea en Curtis?

4ª) Cales son os prazos para futuras ampliacións da nova industria láctea en Curtis?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/01/2019 13:47:55**  
**Nº Rexistro: 44721**  
Data envío: 28/01/2019 13:47:55.375

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 12:53:29**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/01/2019 12:53:38**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 14.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5      44843(10/POC-007177)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a posta en marcha dun plan estratéxico para o sector lácteo

*Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/01/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 44843**  
Data envío: 29/01/2019 14:39:42.743



Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez,** deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**.

O sector lácteo supón en Galicia o 1,85 % do Produto Interior Bruto. É un sector estratéxico para o noso País que continua afrontando moitas dificultades sen que dende a Xunta de Galicia se leven adiante as medidas necesarias para solventalas.

Continúan a fechar explotacións leiteiras no noso país. A cifra de granxas con entregas de leite na comunidade descendeu nunhas 5.000 entre 2010 e 2017. E o ritmo non cesa, xa que entre novembro de 2017 e o pasado mes de novembro desapareceron 422 granxas máis. Polo que respecta ao prezo medio, no conxunto do estado foi de 0,333 euros o litro, o que supón un incremento respecto aos 0,325 euros o litro de outubro. Sen embargo, é lixeiramente inferior aos 0,335 euros o litro de novembro de 2017.

En Galicia, os prezos medios en novembro foron de 0,319 euros o litro, fronte aos 0,314 de outubro e, por tanto, deuse unha suba mensual menor que a media española. Os prezos que se lle pagan aos produtores de leite galegos seguen a ser os máis baixos do estado español, e os máis baixos das principais rexións leiteiras da Unión Europea. En troques, os costes de produción no campo subiron un 7%, segundo os datos do Ministerio de Agricultura. O problema principal é que o sector está lonxe de acadar unha estabilidade, xa que podería darse unha nova crise onde os prezos descenderan bruscamente, afectando sempre o esclavón máis débil da cadea.

CSM-REXISTRO-WA7qGZKm-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/01/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 44843**  
Data envío: 29/01/2019 14:39:42.743



A situación de volatilidade, aberta trala desregulación do sector coa fin do sistema de cotas e a desregulación da produción non ten visos de desaparecer agás que se adopte dende os poderes públicos por unha política de intervención máis decidida. As medidas tomadas nos últimos anos demostraron un alcance moi limitado para corrixir a situación do sector.

Ademais, en varias ocasións houbo anuncios dende a Consellería de Medio Rural sobre a posta en marcha dun Plan estratéxico para o sector, pero a día de hoxe descoñécense as medidas aplicadas neste sentido.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que prazos se establecen dende a Consellería para a posta en marcha definitiva dun Plan Estratéxico para o sector do leite?
2. Levouse adiante algunha medida dende a Consellería dentro do Plan Estratéxico anunciado para o sector lácteo?
3. Que orzamento se executou para o desenvolvemento deste Plan Estratéxico para o sector?
4. Cantas xuntanzas se levaron adiante cos axentes do sector para a elaboración deste Plan?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.



CSV REXISTRO-WA7qGZKm-9



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/01/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 44843**  
Data envío: 29/01/2019 14:39:42.743

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 29/01/2019 13:56:01**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 13:56:09**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 13:56:16**



**CSV REXISTRO-WA7qGZKm-9**

**Verificar**

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 14.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 44966(10/POC-007201)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería do Medio Rural para suspender o servizo de recollida e xestión de plásticos de uso agrícola procedentes de silos, invernadoiros e hortas, así como o estudo da posibilidade da súa prestación por unha empresa pública

*Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2019 17:05:13  
**Nº Rexistro: 44966**  
Data envío: 30/01/2019 17:05:13.377



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Vázquez Verao**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a recuperación, por parte da Consellería de Medio Rural, do servizo de recollida de plásticos agrícolas que se encargaba da xestión dos plásticos procedentes de silos, invernadoiros e hortas.

A cantidade de plástico agrícola (plástico e bolsas de silo, plástico de invernadoiro) que se xera en Galiza ao longo dun ano é de aproximadamente 7.700 toneladas.

A práctica habitual do vertido ou da incineración de xeito incontrolado supón un problema medioambiental, que orixina un deterioro progresivo e acumulativo do contorno, tendo ademais en conta o impacto paisaxístico derivado da proliferación de puntos de abandono destes materiais.

Ante esta problemática, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas puxo en marcha o Programa de Recollida de Plástico Agrícola co obxecto de implantar un sistema de recollida dos plásticos agrícolas, tanto de silo coma de invernadoiro, e facilitarlle aos agricultores e gandeiros a súa xestión axeitada.

Os agricultores e gandeiros deixaban os seus plásticos agrícolas no lugar indicado por cada concello. Unha vez que o punto de acopio estaba cheo, o concello chamaba a empresa de recollida (subvencionada pola Consellería de Medio Rural), e esta procedía a retiralos e á súa posterior reciclaxe.

CSM-REXISTRO-vocs78HP-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2019 17:05:13  
Nº Rexistro: 44966  
Data envío: 30/01/2019 17:05:13.377



Este sistema, que evitaba que os plásticos agrícolas acabasen ciscados por leiras ou montes ou queimados de forma incontrolada, non funciona a día de hoxe, o que vemos como unha grave irresponsabilidade da Xunta por cancelar este servizo, o que está xerando un grave problema medioambiental, social e paisaxístico.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cal é o motivo polo que a Consellería deixou de prestar ese servizo?
2. Pensa a Consellería de Medio Rural recuperar o servizo de recollida de plásticos agrícolas, que se encargaba da xestión dos plásticos procedentes de silos, invernadoiros e hortas?
3. Que traballo ten feito a Consellería no que atinxe a campañas de concienciación entre gandeiros e gandeiras e agricultores e agricultoras durante o ano 2018?
4. Ten a Xunta de Galiza estudado a posibilidade de que sexa unha empresa pública a que faga a xestión desta recollida de plásticos?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Vázquez Vero

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



CSV REXISTRO-vos78HP-9

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2019 17:05:13**  
**Nº Rexistro: 44966**  
Data envío: 30/01/2019 17:05:13.377

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 30/01/2019 16:53:24**

**Antón Sánchez García na data 30/01/2019 16:53:33**

**Paula Vázquez Verao na data 30/01/2019 16:53:42**



**CSV REXISTRO-vocs78HP-9**

**Verificación**

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 14.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7      46179(10/POC-007364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa cobertura da demanda de man de obra cualificada existente no sector agrogandeiro

*Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/02/2019 10:53:24  
**Nº Rexistro: 46179**  
Data envío: 13/02/2019 10:53:24.262

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Galiza experimentou nos últimos anos unha perda importante de explotacións gandeiras de vacún de leite co conseguente efecto negativo no emprego e despoboamento do medio rural. As que continúan coa actividade precisan redimensionarse optando moitas veces pola agrupación. Así é que a día de hoxe a porcentaxe de sociedades de distinto tipo (SAT, SC, SL, SCG) representan cada vez unha porcentaxe máis elevada.

A dinámica laboral destas explotacións mudou moito do que ata agora funcionaba nas explotacións familiares. A estrutura territorial e de instalación así como a especialización obriga a que algunhas tarefas sexan externalizadas. Así ocorre cos cultivos de forraxes e tamén en grande medida na recría de xovencas.

Por distintos motivos a man de obra familiar xa non é suficiente para atender este novo tipo de explotacións e faise preciso contratar persoal externo. Cada día son máis as granxas que poden ter futuro grazas ao persoal asalariado.

O que debería ser unha boa alternativa ante o desemprego no rural atópase con un grande inconvinte: non hai oferta de persoal cualificado para traballar nestas





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 13/02/2019 10:53:24**

**Nº Rexistro: 46179**

Data envío: 13/02/2019 10:53:24.262

explotacións e existe unha crecente demanda do mesmo. Nalgunhas zonas de forte actividade leiteira esta falta de persoal cualificado está sendo un grave problema.

A Administración debería ser quen de transformar esta carencia nunha dupla oportunidade: o sector precisa persoal cualificado para traballar nas explotacións mais tamén precisa formarse para xestionar equipos e organizar tarefas.

Gandeiras e gandeiros deben enfrontar este reto, ademais de manexar gando e cultivos, ocuparse da burocracia ligada á actividade. Teñen que incorporar persoal alleo e xestionar o equipo de xeito que a explotación funcione e sexa rendible.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Que pensa facer o goberno diante a demanda de man de obra cualificada para explotacións leiteiras e a escaseza de oferta?

2- Ten previsto algún tipo de accións formativas encamiñadas á capacitación de persoal laboral no sector agrogandeiro?

3- Ten previsto a Xunta de Galicia accións encamiñadas a dar solucións á problemática burocrática, de formación laboral e idiomática a respecto da contratación de inmigrantes?

4- Ten previsto dar saída á desconexión existente entre a formación regulamentada e a necesidade de man de obra?



CSV REXISTRO-eWuOYMD3-6

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 10:53:24**  
**Nº Rexistro: 46179**  
Data envío: 13/02/2019 10:53:24.262

5- Pensa facer algo a respecto da creación de bolsas de emprego para explotacións que permita cubrir a demanda existente e dar solución a problemas coma a cobertura dos tempos en vacacións?

6- Está disposta a deseñar e poñer a disposición do sector cursos de formación específica para as persoas propietarias das explotacións enfocados á xestión de equipos e tarefas?

7- Vería ben, nas axudas á incorporación de xente moza, incluír criterios de puntuación máis favorables para as persoas que presenten formación específica regulamentada na xestión de explotacións gandeiras?

8- Ten previsto habilitar axudas específicas para a contratación de servizos de substitución naquelas explotacións nas que, pola súa dimensión, non é posible a contratación de persoal asalariado?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV REXISTRO-eWuOyMDS-6  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 10:53:24**  
**Nº Rexistro: 46179**  
Data envío: 13/02/2019 10:53:24.262

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 10:52:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 10:52:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 10:52:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 10:52:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 10:52:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 10:52:33**



CSV REXISTRO-eWuOyMD3-6

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 14.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.8 46322(10/POC-007389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa saturación de residuos gandeiros procedentes de explotacións cárnicas intensivas nalgunhas comarcas de Galicia e a súa xestión actual

*Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/02/2019 10:55:03  
Nº Rexistro: 46322  
Data envío: 14/02/2019 10:55:03.293

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A planificación que desde o ano 91 fai gala o PP a través dos sucesivos gobernos e dos titulares de consellerías vencelladas ó rural leváronnos a unha drástica e perigosa diminución de explotacións familiares ben dimensionadas e con base territorial dabondo para asegurar unha rendibilidade a proba de vaivéns, unha fixación de poboación necesaria e un impacto medioambiental discreto e asumible. Isto no sector leiteiro é preocupante nalgúns zonas, pero nos sectores avícola e porcino intensivos é dramático.

A situación medioambiental en determinadas zonas, provocada por ese modelo altamente intensivo de granxas e animais, vólvese nalgúns casos insostible dando proba diso as analíticas de augas e de solos con saturación de nitratos, de fosfatos, de metais pesados e mesmo de antibióticos.

Nalgúns destas zonas a presión é tal que a comarca non é quen de asimilar tanto residuo gandeiro xerando un problema de saúde pública e de política medioambiental.

A xestión de residuos das granxas intensivas pode estar ligada á terra segundo unha normativa europea, pero esta ligazón debera ter un control e un seguimento e do







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2019 10:55:03**  
**Nº Rexistro: 46322**  
Data envío: 14/02/2019 10:55:03.293

mesmo xeito debiera haber tamén control e seguimento do estado das terras e das augas nestas comarcas con saturación de explotacións deste tipo.

O caso é que A Limia e O Deza sen seren as únicas, presentan un grave problema de xestión de xurros ó que é preciso dar unha solución adecuada e satisfactoria cos sectores afectados evitando así que esta situación dane gravemente outros sectores agrogandeiros que coexisten con estes. Ignora-lo problema non fai máis ca agravalalo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-É consciente o goberno galego da saturación e da inadecuada xestión dos residuos gandeiros procedentes de explotacións cárnicas intensivas que se observa desde hai tempo nalgunhas comarcas de Galicia?

-Ten pensado tomar algunha medida a este respecto?

-Dispón o goberno galego ou existen algún tipo de recursos nesas comarcas para xestionar convenientemente os residuos gandeiros antes aludidos?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

CSV REXISTRO-UFOYOBLY-7  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2019 10:55:03**  
**Nº Rexistro: 46322**  
Data envío: 14/02/2019 10:55:03.293

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 10:53:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 10:53:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 10:53:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 10:53:16**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 10:53:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 10:53:19**



CSV REXISTRO-UFOYOBLY-7

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>